



Por que nos vemos na obriga de ir á folga?

Contexto do malestar laboral

- A principios de maio temos a primeira reunión coa empresa, a petición nosa, para preparar a III Festa na Rúa de fin de curso. Xorde a demanda de que **todas as profesionais que traballemos ese día cobremos polas horas de traballo, ao que a dirección se nega**. Días despois suspéndese a festa ata setembro. A raíz disto varias traballadoras xuntámonos e intercambiamos información sobre como nos sentimos no traballo detectando que existe moito malestar.
- Semanas despois presentamos un texto con **propostas de mellora, elaborado por 8 das 9 traballadoras, tanto das condicións laborais das compañeiras máis precarizadas, como do funcionamento interno**; bastante deficitario a nivel de comunicación, coordinación e planificación.
- Na primeira reunión dísenos que as condicións laborais negócias cada traballadora por separado coa empresa, e **denéganse todas as nosas demandas de moi malas formas**.
- Días despois desta reunión **despiden a Marina, en relación laboral coa empresa desde hai un ano como falsa autónoma**. Solicitamos unha nova reunión para explicar os motivos das nosas demandas e, entre berros e malas formas, volven negarnos calquera solución ás nosas necesidades.

A folga como último recurso pero única vía

- A finais de xuño, afiliadas xá na CIG, solicitamos a terceira reunión, na que nos acompañan compañeiras deste sindicato. A dirección, Bea e Bruno, veñen asistidos por avogada, e parece que nos conceden algunhas demandas “menores” como realizar reunións de empresa periódicas pagadas ou que todas poidamos contabilizar as horas e minutos reais traballados a traves da app e non sexa o horario automático asignado.
- Na primeira quincena da xullo celebramos **eleccións sindicais nas que resultou electa a nosa representante, María**, e como primeira suplente Michelle, pola CIG.
- O último intento de negociación por parte das traballadoras prodúcese a finais de xullo e non é respostado ata mediados de agosto. Novamente **néganse a aceptar todas as nosas demandas e retroceden na das reunións periódicas**.
- Ante todas estas faltas de respecto ás nosas achegas para mellorar o noso traballo e o servizo de cara ao alumnado, e a reiterada desidia demostrada por Bea e Bruno ante a precariedade do persoal, vémonos na obriga de convocar unha **FOLGA con carácter INDEFINIDO para loitar contra a precariedade que sufrimos, reivindicar todas estas melloras e defender os nosos dereitos**.

CONCENTRACIÓN!!!

Mércores 11, ás 12:30 h.

Espazo beatrizseijo.artiststudio

Santa Marta

As nosas reivindicacións

1. **Readmisión da traballadora despedida a todos os efectos** e coa antigüedad correspondente e restitución de dereitos efectivizada.
2. **Recoñecemento da categoría profesional** das profesoras titulares de creatividade infantil
3. **Redución das ratios de todas as aulas para asegurar unha adecuada atención ao alumnado** e implementar unha maior calidade e seguridade do servizo en relación co tamaño das aulas.
4. **Equiparación salarial de todas e todos os traballadores do centro** rematando coa fenda salarial por xénero e regularización das antigüedades.
5. **Revisión da normativa interna de horas extraordinarias**, compensando cunha correcta remuneración económica estes traballos extraordinarios en domingos e festivos, así como o dereito á conciliación das traballadoras e traballadores
6. **Celebración de reunións de todo o persoal, en horario laboral e con periodicidade mensual**, para mellorar a coordinación e a comunicación de todo o equipo de traballo.
7. **Cumprimento da normativa no tocante ás horas de traballo anuais** dedicadas á programación, preparación das aulas e mantemento e forneado
8. **Cumprimento do acordo de rexistro horario** no tocante a ter en conta toda a xornada efectiva real de traballo.
9. **Elaboración dun Plan de Formación** de acordo ás necesidades das traballadoras, empresa e usuarios/as.

Outras melloras necesarias

1. **Elaboración dun protocolo de seguridade axeitado para cada espazo de traballo.**
2. **Elaboración dun Plan de Igualdade.**
3. Na **área de cerámica** é preciso ofertar un servizo de calidade, facer un adecuado mentemento dos talleres e materiais e o necesario cuidado das pezas do alumnado e do seu enformado. É preciso ter un ambiente seguro no que o profesorado poida atender en boas condicións o alumnado, sen estar sobreesaturado polo volume de pezas e traballo.
4. Para **garantir a seguridade de todas as persoas** que utilizan os dous centros de traballo é preciso que:
 - ☒ *A totalidade de horas ofertadas para aulas en cerámica ten que estar igualada en horas de mantemento e forneado sen contar as horas dedicadas a programación.*
 - ☒ *Para dar cobertura a todos os grupos de cerámica de Santa Marta necesitamos un forno de 80L ou 100L dado que o actual de 60L está saturado.*
 - ☒ *Instalar un adecuado sistema de extracción de aire para os fornos.*
5. A programación e o material dos obradoiros ou monográficos e as obras xeradas polo profesorado para impartir aulas deben ser propiedade deste e non da empresa porque se realizan á marxe do traballo exclusivamente académico para o que foi contratado.
6. Creación dun **plus económico dentro do salario mensual para situacións e peticións de exclusividade laboral** e tamén acordar por escrito a **propiedade intelectual**.

FOLGA INDEFINIDA

Apoia a mellora das condicións laborais das docentes!!!